

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA ORIENTADOR/A-PROSPECTOR/A DO OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA IX: RESULTADO FASE OPOSICIÓN E PROPOSTA

Expediente: 2024/E001/000021

A Laracha, 18 de novembro de 2024

Reunidos na sala de reunións da Casa do Concello ás 09:00 os membros do tribunal que asisten son os seguintes:

- Presidenta: Lucia Barreiro Angeriz, funcionaria do Concello da Laracha
- Secretario : Jorge Vidal Zapatero, funcionario do Concello da Laracha
- Vogais:
  - o Juan Antelo Martínez, funcionario do Concello da Laracha
  - o Ana C. Jimenez Mosquera, funcionaria do Concello da Laracha
  - o Marta Vázquez Garea, funcionaria do Concello de Coristanco

O tribunal confecciona o exame tipo test que terá lugar o mesmo día ás 10:00 horas, elixindo as preguntas entre as elaboradas polos membros do tribunal.

O exame consta de 20 preguntas con tres alternativa de resposta na que só unha será a correcta. Tamén hai 2 preguntas de reserva. Cada resposta correcta puntuarase con 3 puntos e cada resposta incorrecta descontará 1,5 puntos. As non contestadas non puntúan.

No Salón de Plenos da casa do Concello, ás 10:00 horas comeza o chamamento das persoas aspirantes e asisten os seguintes:

NOME	APELIDOS	DNI	CELGA
BELÉN	BLANCO TERNANDE	***1145**	SI
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**	SI
ALBERTO	RIOS NEIRA	***9274**	SI

Comeza o exame as 10:03 concedéndose 30 minutos segundo o disposto nas bases. Remata o exame ás 10:20 ca entrega do exame por parte de todos os aspirantes.

O tribunal comeza a corrección dos exames e obtéñense os seguintes resultados:

NOME	APELIDOS	DNI*	P. CORRECTAS	P. INCORRECTAS	P. SEN CONTESTAR	TOTAL OPOSICIÓN
BELÉN	BLANCO TERNANDE	***1145**	17	2	1	48,00
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**	17	1	2	49,50
ALBERTO	RIOS NEIRA	***9274**	16	3	1	43,50



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A continuación súmanse as notas da fase de concurso e oposición e ordénase o resultado de maior a menor que é o seguinte:

NOME	APELIDOS	DNI*	TOTAL CONCURSO	TOTAL OPOSICIÓN	RESULTADO FINAL
NINOTCHKA	FUENTES LOPEZ	***3804**	1,10	49,50	50,60
BELÉN	BLANCO TERNANDE	***1145**	1,85	48,00	49,85
ALBERTO	RIOS NEIRA	***9274**	1,65	43,50	45,15

Rematado o proceso selectivo, o tribunal propón como Orientadora – Prospectora de obradoiro a:

- NINOTCHKA FUENTES LÓPEZ, con DNI \*\*\*3804\*\*

E a seguinte lista de reserva por esta orde:

Nº ORDE	NOME	APELIDOS	DNI*
1	BELÉN	BLANCO TERNANDE	***1145**
2	ALBERTO	RIOS NEIRA	***9274**

Segundo a base 12ª da convocatoria, a persoa aspirante proposta presentará, no prazo de dous (2) días hábiles, os seguintes documentos:

1. Aceptación expresa do posto
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Fotocopia da cartilla da S.S.
5. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos
6. Modelo 145 AEAT cuberto e asinado

Sen mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:45 e asina o secretario do tribunal á marxe.





**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**PROBA TEST SELECCIÓN FORMADOR/A ORIENTADOR/A  
PROSPECTOR/A OBRADOIRO DE EMPREGO A Laracha IX/IX**

**NOME E APELIDOS:**

**DNI:**

*PROBA TIPO TEST, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas non contido do programa anexo á convocatoria durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas correspondéndolle ao tribunal determinar ou número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima*

**1. Cual é a duración dun taller de emprego?**

- a. A duración dun taller de emprego é de 40 horas semanais, distribuídas de luns a venres, podendo ser a xornada partida ou continua.
- b. A duración dun taller de emprego é de 40 horas semanais, distribuídas de luns a venres, podendo ser unicamente a xornada continua.
- c. A duración dun taller de emprego é de 40 horas semanais, distribuídas de luns a venres, podendo ser unicamente a xornada partida.

**2. A formación complementaria no taller de emprego será:**

- a. Materias de alfabetización informática, sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero.
- b. materias de alfabetización informática, sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero, formación en materia de prevención de riscos laborais
- c. Materias de alfabetización informática, sensibilización ambiental e sensibilización en igualdade de xénero, formación en materia de prevención de riscos laborais, ademais recibirá orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial.

**3. O certificado da especialidade MAMD0209 de profesionalidade, traballos de carpintería e moble ten unha duración de:**

- a. 300 horas
- b. 300 horas de teoría e 80 de práctica
- c. 300 horas de teoría e 90 de prácticas



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**4. O certificado de profesionalidade da especialidade de pintura industrial en construción ten unha duración de:**

- a. 680 horas
- b. 600 horas
- c. 520 horas

**5. Segundo a orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia,**

- a. No procedemento de selección do alumnado-traballador, en todo caso, a selección irá precedida da tramitación da oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego.
- b. No procedemento de selección do alumnado-traballador, a selección poderá realizarse a través de dous procedementos: previa tramitación da oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego ou mediante convocatoria pública de emprego, como co resto de persoal vinculado ao taller de emprego.
- c. No procedemento de selección do alumnado-traballador en todo caso, a selección realizarase mediante convocatoria pública de emprego.

**6. En canto á contratación do alumnado-traballador:**

- a. Será contratado pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade de contrato de traballo de interinidade.
- b. Será contratado pola entidade promotora, desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade de contrato de traballo de formación en alternancia.
- c. Será contratado pola entidade promotora, unha vez que supere a parte de formación teórica para poder ir a obra con contrato formalizado, que en todo caso será o de formación.

**7. As Competencias clave pódense obter por dúas vías:**

- a. Superando unha acción formativa específica de Competencias clave, programada ou autorizada pola Xunta de Galicia.
- b. Superando as probas de avaliación de competencias clave para o acceso á formación dos certificados profesionais convocadas pola Administración autonómica.
- c. As respostas a. e b. son correctas.



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**8. Que son as competencias clave?**

- a. As competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos xenerais ou básicos que aseguren a formación mínima necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dos certificados de profesionalidade.
- b. As competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos xenerais ou básicos que aseguren a formación mínima necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dos certificados de profesionalidade, co fin último de fomentar a calidade e a integración da formación profesional para o emprego.
- c. As competencias clave son un conxunto de capacidades e contidos específicos que aseguren a formación específica necesaria para cursar con aproveitamento os módulos dun certificado de profesionalidade específico.

**9. En relación ao funcionamento dos talleres de emprego:**

- a. A asistencia diaria ao taller de emprego por parte do alumnado traballador é obrigatoria, salvo que ese día de xornada coincida cunha saída didáctica, que será a elección do alumno-traballador.
- b. A asistencia diaria ao taller de emprego por parte do alumnado traballador non é obrigatoria, pois son alumnos.
- c. A asistencia diaria ao taller de emprego por parte do alumnado traballador é obrigatoria, mesmo no caso de que ese día coincida cunha saída didáctica.

**10. En relación aos incentivos á contratación,**

- a. A contratación laboral dos alumnos-traballadores terá unha duración mínima de 3 meses a xornada completa.
- b. A contratación laboral dos alumnos-traballadores terá unha duración mínima de 1 mes a xornada completa.
- c. A contratación laboral dos alumnos-traballadores terá unha duración mínima de 3 meses a xornada completa ou a tempo parcial.

**11. Segundo a Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ten o concello competencia na promoción do emprego expresamente:**

- a. Si.
- b. Non.
- c. Non, pero a competencia outórgalla a Xunta de Galicia mediante a concesión da financiación do Obradoiro.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tif.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**12.- Segundo a Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:**

- a. iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- b. iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas e promoción de emprego.
- c. iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

**13.- Segundo a Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, O Pleno,**

- a. o Pleno, formado polo Alcalde, os Concelleiros e o Secretario da Corporación, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.
- b. Está formado polo Alcalde, os Concelleiros e o Secretario da Corporación, sendo o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal o Alcalde.
- c. formado polo Alcalde e os Concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.

**14. Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos:**

- a. Desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.
- b. Desde que alcancen firmeza en vía administrativa.
- c. Desde que alcancen firmeza en vía xudicial.

**15. Cal dos seguintes supostos non é un medio de execución forzosa de actos administrativos:**

- a. Encoméndaa de xestión.
- b. A compulsión sobre as persoas.
- c. A présa sobre o patrimonio.

**16. Cal das seguintes respostas é un suposto de nulidade do acto administrativo?:**

- a. Os actos administrativos ditados fóra de prazo.
- b. Os actos administrativos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou territorio.
- c. Os actos administrativos impugnados xudicialmente.

**17. Segundo a Constitución Española de 1978, o Estado organízase territorialmente en:**

- a. Municipios, en provincias e nas Comunidades Autónomas que se constituían
- b. Municipios, en provincias, illas e nas Comunidades Autónomas que se constituían
- c. Municipios, en provincias, comarcas, illas e nas Comunidades Autónomas que se constituían



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**18. Conforme o artigo 140 da Constitución Española de 1978, os Alcaldes serán elixidos:**

- a. Directamente polos veciños
- b. Directamente polos concelleiros da corporación
- c. Polos concelleiros ou polos veciños

**19. O artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET) sinala que o contrato que o contrato a tempo parcial:**

- a. Non pode concertarse por tempo indefinido
- b. Só pode concertarse en contratos de duración determinada
- c. Poderá concertarse por tempo indefinido ou por duración determinada se legalmente se contempla

**20. O artigo 269 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social indica con carácter xeral o período mínimo de cotización para xerar unha prestación por desemprego, que será de:**

- a. 1 ano
- b. 360 días
- c. 365 días

**RESERVA:**

**R1. Como se xestiona o Portal de Emprego do Concello da Laracha:**

- a. A través do SEPE.
- b. A través da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL)
- c. A través da Concelleira de Emprego do Concello da Laracha.

**R2. O Concello da Laracha conta cun servizo de orientación laboral?**

- a. Non, unicamente unha axencia de desenvolvemento local.
- b. Si, ofrece un servizo de orientación laboral pertencente á rede de orientadores laborais da Xunta de Galicia (IOBE)
- c. Si, ofrece un servizo de orientación laboral autónomo pertencente directamente ao Concello da Laracha